


eDCINEMA: Cara o Espazo Dixital Europeo
O papel das cinematografías pequenas en v.o.

Margarita Ledo Andión
(Coord.)

Enrique Castelló Mayo
Antía Mª López Gómez
Patxi Azpillaga Goenaga

Mª Soliña Barreiro González
Silvia Roca Baamonde
Ana Isabel Rodríguez Vázquez
Marta Pérez Pereiro

Francisco Jaime Reyes Sánchez
Olga Heredero Díaz
Miren Manias-Muñoz

R.25707802

eDCINEMA

Cara o Espazo Dixital Europeo. O papel das cinematografías pequenas en versión orixinal

Hacia el Espacio Digital Europeo. El papel de las cinematografías pequeñas en versión original

Coordinación:
Margarita Ledo Andión

Edición técnica e maquetación:
Silvia Roca Baamonde

Traducións:
Cibrán Tenreiro Uzal

Autoras e autores:
Margarita Ledo Andión | Enrique Castelló Mayo | Antía Mª López Gómez
Patxi Azpillaga Goenaga | Mª Soliña Barreiro González | Silvia Roca Baamonde
Ana Isabel Rodríguez Vázquez | Marta Pérez Pereiro | Francisco
Jaime Reyes Sánchez | Olga Heredero Díaz | Miren Manias-Muñoz

Cara o Espazo Dixital Europeo.
O papel das cinematografías
pequenas en versión orixinal.
Plan Nacional de I+D+I | MINECO
Ref. CSO2012-35784

ÍNDICE

Limiar
Margarita Ledo Andión
..... 9

Deseño e implementación dunha metodoloxía polietápica para a análise das cinematografías pequenas en versión orixinal no espazo dixital europeo
Enrique Castelló Mayo
..... 13

Unha breve reflexión sobre a actual política audiovisual comunitaria
Antía Mª López Gómez
..... 29

Cine, periodismo, televisión: la producción cultural en V.O. El caso del euskara
Patxi Azpillaga Goenaga
..... 39

Crise e conflito: A oportunidade perdida da Lei do Cine. A industria cinematográfica catalá 2008-2012
Mª Soliña Barreiro González
..... 53

Versión orixinal galega. Produción e distribución do cine en linguas minorizadas no contexto dixital
Silvia Roca Baamonde, Ana Isabel Rodríguez Vázquez, Marta Pérez Pereiro
..... 77

Digitalización de las salas de cine en España: pasado, presente y futuro
Francisco Jaime Reyes Sánchez, Olga Heredero Díaz
..... 113

Distribución y difusión digital a demanda del cine en lenguas minorizadas: carencias de una vía para equilibrar el acceso
Mª Soliña Barreiro González, Ana Isabel Rodríguez Vázquez, Miren Manias-Muñoz
..... 129

Limiar

Margarita Ledo Andión[1]
Universidade de Santiago de Compostela
margarita.ledo@usc.es

Ao presentar este volume chamado a divulgar algúns aspectos dun dos proxectos que desenvolvemos nos últimos tres anos, boto man do capital intelectual do Grupo de Estudos Audiovisuais, GEA, o colectivo universitario de pesquisa que coordino e onde por dúas décadas andamos a traballar con propostas –no espazo lusófono, no iberoamericano, no europeo– que teñen a súa orixe no cinema de nacións sen Estado e das súas cinematografías, coa lingua como síntoma de resistencia e de dereito á expresión, analizadas dende a cultura como póla da economía política, da construción da diversidade e na vindicación da interculturalidade, é dicir, da posta en relación con outras cinematografías en linguas non hexemónicas como paisaxe na que diferenciar as árbores.

Definir campos, regular, expandir... "Cara ao espazo dixital europeo. O papel das cinematografías pequenas en versión orixinal | Hacia el Espacio Digital Europeo. El rol de las cinematografías pequeñas en versión original"[2] é a última das doas que movemos entre múltiples

1 Doutora en Ciencias da Información pola Universitat Autònoma de Barcelona, é escritora, cineasta e Catedrática de Comunicación Audiovisual da Universidade de Santiago de Compostela. Coordina o Grupo de Estudos Audiovisuais: contidos, formatos e tecnoloxía (G.I. 1786) da USC. A súas liñas de pescuda traballan a produción e acceso a bens culturais dende a diversidade e as políticas de comunicación e as teorías feministas nos universos da creación e a expresión. É Premio Nacional da Cultura Galega 2008 en Cine e Audiovisual e membro da Real Academia Galega. Liderou os proxectos de I+D "Cara o Espazo Dixital Europeo. O papel das cinematografías pequenas en versión orixinal" (MINECO, ref. CSO2012-35784), "Cine, Diversidade e Redes" (MINECO, ref. CSO2009-13702), e "Lusofonía: Interactividade e Interculturalidade" (Xunta de Galicia, ref. INCITE08PXIB212124PR), entre outros. Nas súas publicacións máis recentes desctácanse "Medios sociais e ensaio documental feminista" en *Comunicaçao, Cultura e Midias Sociais*, volume organizado por M.I. Vasallo de Lopes e M.M. Krohling Kunsch (São Paulo: ECA-USP, 2015) e "Cine europeo en lenguas de naciones sin estado y pequeñas naciones", en *Revista Latina de Comunicación Social*, 71 (2016). Preside a Federaçao Lusófona de Ciencias da Comunicação (LUSOCOM), é Vicepresidenta da Asociación Iberoamericana de Comunicación (ASSIBERCOM) e Presidenta de Honra da Asociación Galega de Investigadoras e Investigadores da Comunicación (AGACOM).

2 Equipa investigadora do proxecto: Margarita Ledo Andión (I.P.) (USC), Patxi Azpillaga Goenaga (UPV-EHU), Mª Soliña Barreiro González (USC), Demetrio Enrique Brisset Martín (Universidad de Málaga), Enrique Castelló Mayo (USC), Xaime Fandiño

mans -21 investigadores e investigadoras de 8 universidades do Estado español, a asistencia preciosa de expertos e expertas internacionais, a colaboración con outros grupos de investigación, coma o TECMERIN da Universidad Carlos III de Madrid- unha doa que forma parte do Plan Nacional (español) de I+D+i (CSO2012-35784), e que visa traer a tona a viabilidade dun espazo formal e informal de intercambio entre países como Finland, Wales ou Galiza á luz de diferentes experiencias e do papel das políticas públicas nas mesmas, da análise dos seus programas e do compromiso intelectual en que confronta esa fenda, esa desposesión, que nos impón o mercado e os seus amplos mecanismos tiránicos.

Xa que logo, na nosa argumentación foi collendo corpo a posibilidade de que o cinema en linguas non hexemónicas viñera entenderse coma unha ferramenta de empoderamento e que, pola contra, a súa exclusión sexa considerada como proba de privación fáctica de dereitos lingüísticos, sociais e políticos. Coincidimos, así, co pensamento que o profesor Martín Barbero, na secuencia do de Bhabha ou Marinas, traslada no artigo "Diversidade em convergência"[3] a propósito de facer produtiva a interculturalidade na súa posta en relación "com a ideia da *identidade narrativa*, isto é, de que toda identidade se gera e se constitui no ato de narrar-se como história, no proceso e na prática de *contar-se aos outros*" (Martín Barbero, 2014, p. 20).

O cinema que nos narra para os outros, o cinema en linguas minoritarias ou minorizadas, actívase como mostración e como indicador da produción cultural de pequenas nacións; nacións con ou sen Estado, insistimos, unha denominación xa asentada no nivel académico, que conta con abundante bibliografía e que, neste caso, non soamente remite para cinemas de escala reducida (en termos de mercado interno, anque con posibilidade de internacionalización) senón cara a expulsión,

---

Alonso (USC), Víctor Fernández Freixanes (USC), José Gabriel Ferreras Rodríguez (Universidad de Murcia), Begoña Gutiérrez San Miguel (Universidad de Salamanca), Antía Mª López Gómez (USC), Miren Manias-Muñoz (UPV-EHU), Mª Ángeles Martínez García (Universidad de Sevilla), Amanda Paz Alencar (Univesiteit van Amsterdam), Marta Pérez Pereiro (USC), Francisco Jaime Reyes Sánchez (Universidad Complutense de Madrid), Ana Isabel Rodríguez Vázquez (USC), Francisco Sierra Caballero (Universidad de Sevilla), Javier Sierra Sánchez (Universidad Complutense de Madrid), Xosé Soengas Pérez (USC), Mónica Valderrama Santomé (Universidade de Vigo), Virginia Villaplana Ruiz (Universidad de Murcia). Colaboradores internacionais: Steve Blandford (University of South Wales), Thomas Elsaesser (Universiteit Van Amsterdam), Jacques Guyot (Université Paris 8), Hannu Vanhannen (Lapin Yliopisto). Colaboradoras do equipo de traballo: Silvia Roca Baamonde (USC), Natalia Abuín (Universidad Complutense de Madrid).

3 Martín Barbero, Jesús (2014). Diversidade em convergência. En *MATRIZes*, 8(2), pp.15-33.

de facto, do lugar no que se toman as "grandes" decisións. Darlle corpo á diversidade para alén de a facer visíbel é, pois, unha das finalidades de **eDCINEMA.**

Tomar posición a prol do cinema como un dispositivo de empoderamento (persoal e comunal) lévanos, xa que logo, a o observar determinados aspectos menos considerados, obríganos a localizar o que adoito fica sen desenvolver nas políticas para o cinema, a nivel europeo e local, canda os usos das TIC como variábel estruturante, e require un exercicio arduo en pos de concluír que medidas singulares, recoñecíbeis e sostíbeis (reproducíbeis) son necesarias.

O simple feito de especificar que, como caso, escollemos o cinema en linguas minoritarias ou minorizadas fai que o que de común se denomina "versión orixinal" adopte, nesta pesquisa, un significado que soborda o ordinario e que debemos presentar na súa verdade e na súa complexidade. A maior abondamento, o compromiso de comunicación pública das propostas e procesos de coñecemento que o Grupo de Estudos Audiovisuais practica, toma corpo en algo tan sinxelo como traer á tona as cuestión de método coas que abrimos o volume.

Este é, entre outros, o sentido desta obra colectiva, para alén de tentar atinar cos puntos cegos, con ese non-lugar no que esmorece o cinema que utiliza como un dos seus materiais a lingua de pequenas nacións. Secomasí, a Unión Europea leva trinta anos tecendo e desfacendo unha sorte de madeixa que, con variacións adxectivas, declara o cinema obxecto de programas específicos de axuda –o Media sería o bo exemplo–, mentres o somete a políticas competitivas, promove o cinema como mercadoría e, sen querer/poder evitalo, traslada o cinema que se expresa desde o interior da cultura, singular e plural, cara a periferia do sistema. Por iso cumpría reflectir sobre a política audiovisual comunitaria para alén da produción e difusión, tanto en salas como nas plataformas *on line*.

Pensar, ver, idear, entender o cinema... unha torre de marfil que poida illarse dos dilemas, problemas e querencias que definen esta época. No horizonte a deseñar, a aposta por irmos das prácticas culturais en curto para as prácticas da diversidade, co cinema en linguas minoritarias e minorizadas como un espazo expandido no que convocar –outra volta os ecos de Hall– o mundo que está á nosa volta e o noso lugar nel.

Margarita Ledo Andión